

Previsión de actividades do Parlamento de Galicia para este venres, 4 de novembro de 2016

Parlamento de Galicia

11,00 h.- Xunta de Portavoces.

Ferrol

13,00 h.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, asiste ao acto de celebración do Día do Veterano das Forzas Armadas e da Garda Civil, presidido pola Súa Maxestade o Rei Felipe VI. No Arsenal Militar de Ferrol.

Parlamento de Galicia

12,30 h.- O vicepresidente do Parlamento de Galicia, Diego Calvo Pouso, inaugura o acto conmemorativo do Día da Ciencia en Galego 2016. No Salón dos Reis do Parlamento. Despois do acto inaugural terán lugar as seguintes intervencións:

- Inés Ben González, presidenta de IGACIENCIA.
- Ubaldo Rueda Soto, director do IES Rosalía de Castro.
- Francisco Díaz-Fierros Viqueira, catedrático emérito da USC e estudoso da vida e obra de Cruz Gallástegui.
- Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O **Día da Ciencia en Galego** homenaxea este ano a figura de Cruz Ángel Gallástegui Unamuno, ilustre enxeñeiro agrónomo e veterinario a quen se debe, entre outras achegas, a creación, en 1921, da Misión Biolóxica de Galicia, da que foi o seu primeiro director. A Misión Biolóxica de Galicia, centro do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), adscrito á área de Ciencias Agrarias, situado actualmente en Salcedo (Pontevedra), tivo a súa primeira sede en Santiago de Compostela, no Pazo do Hórreo, edificio que fora construído *ad hoc* para albergar a Escola de Veterinaria (1915-1924)

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.